

O escritor Ricardo Carvalho Calero naceu na cidade de Ferrol o 30 de outubro de 1910.

Era o fillo maior de M.^a Dolores e Gabriel Ricardo. Tivo cinco irmáns máis.

De pequeno estudou en Ferrol, nunha escola da rúa Magdalena, a rentes da súa casa, e nun colexio dirixido polo escritor Manuel Comellas. Ao acabar o bacharelato marchou á universidade de Compostela.

Escribiu en moitas revistas galegas e sempre defendendo o idioma e a cultura galega: *A Nosa Terra, Nós, Guión, Galiza, Resol, Universitarios...*


Tamén é autor de moitos libros de poemas, teatro, relatos... entre os que hai que salientar *A xente da Barreira* e *Scórpio*.

As pitas baixo a choiva, dirixido aos máis pequenos, cóntanos un feito que lle pasou a Ricardo cando era neno. Quería recoller as pitas que se estaban a mollar no patio. Ao final do relato estaban todos mollados como pitos: as pitas, el e toda a súa familia.


Foi profesor do instituto Rosalía de Castro de Santiago, e o primeiro catedrático de Lingua Galega da universidade.

Tamén foi membro da Real Academia Galega (RAG) e o seu discurso de ingreso foi sobre a poetisa galega Rosalía de Castro.

Este ano a RAG dedícalle o Día das Letras Galegas pola súa defensa do idioma galego e da súa cultura.



RICARDO CARVALHO CALERO



EN AS PITAS BAIXO A CHOIVA RICARDO CARVALHO NARRA UN FEITO DA SÚA INFANCIA: METER AS GALIÑAS NO GALIÑEIRO NUN DÍA DE CHOIVA.